



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN
EXPEDIENTE: PCO.001.2024.00024

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE EDICIÓN, PUBLICACIÓN, DISTRIBUCIÓN E EXPLOTACIÓN DA OBRA “ROSALIA OCULTA”, DE PAULA MAYOR AGRELO, GAÑADORA DA MODALIDADE XERAL, DO PREMIO XVIII PREMIO CASTELAO DE BANDA DESEÑADA, ANO 2023 E PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS. PCO.001.2024.00024

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares asinados polo Servizo de Patrimonio e Contratación o 4 de setembro de 2024, e de Prescricións Técnicas asinados polo Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes o 14 de xuño de 2024, para a contratación dos servizos de edición, publicación, distribución e explotación da obra obra "Rosalía Oculta", de Paula Mayor Agrelo, gañadora da modalidade xeral, do XVIII Premio "Castelao" de banda deseñada do ano 2023, en todas as tiradas que se realicen ata a data sinalada no apartado 1.2 (10 de febreiro de 2025), así como a adquisición de 125 exemplares, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

1.1.1. Tipo de contrato: servizos

1.1.2. Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución:

A primeira impresión deberá ser posta á venda no prazo máximo de seis meses contados desde a data de adxudicación do contrato.

O prazo de vixencia da cesión dos dereitos será ata o 10 de febreiro de 2025, e afectará a totalidade dos exemplares que sexan editados ata a data sinalada, dende a realización da tirada ou tiradas correspondentes ata a venda de todos os exemplares que as compoñan.

1.3. Orzamento: A Deputación cede á empresa adxudicataria, en exclusiva, con carácter gratuíto e polo prazo establecido nas bases da convocatoria do premio, os dereitos de edición, publicación e distribución, que de acordo con ditas bases correspóndenlle, para a edición da obra.

O orzamento máximo autorizado é de 3.125,00€, IVE incluído, correspondente a subministración de 125 exemplares

1.4. Financiamento: Imputarase a aplicación 0612/3341/22609 do vixente orzamento, RC 220240040543 .

2. Dispor que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.